

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro       | Concello | Ano académico |
|----------|--------------|----------|---------------|
| 36019050 | IES de Beade | Vigo     | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza   | Nome da área/materia/ámbito | Curso   | Sesións semanais | Sesións anuais |
|-------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Bacharelato | Filosofía                   | 1º Bac. | 3                | 105            |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 4             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 5             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 6             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 18            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 19            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 19            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 19            |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes                     | 20            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 21            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 22            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 23            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 24            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 24            |
| 9. Outros apartados   | 25            |

## 1. Introducción

Esta programación didáctica desenvolve a materia de Filosofía para o 1º curso de Bacharelato tendo como referencia o Decreto XX/2022 de 2022 onde se define o curriculum da ESO e Bacharelato na CCAA de Galicia.

Na elaboración das unidades didácticas tivose en conta en primeiro lugar a especificidade da filosofía. Neste sentido é importante ter en conta que a filosofía propónse fomentar a reflexión sobre os problemas universais e fundacionais ao mesmo tempo que ofrecer unha caixa de ferramentas para a reflexión crítica e racional sobre eles. Sempre coa intención de promover a madurez persoal e social do alumnado, dende a súa autonomía, coa adquisicións de instrumentos e a súa posta en práctica.

Polo tanto, a materia de 1º de Bacharelato se constitúe como unha introdución á filosofía con tres finalidades: (1) Por un lado, ofrecer un marco conceptual e metodolóxico das inquietudes universais e fundacionais do ser humano; (2) Por outro lado, fomentar os instrumentos de diálogo e escoita racional dunha sociedade democrática e ética coas ferramentas da argumentación racional; e finalmente (3) adquirir as ferramentas para a reflexión crítica e creativa sobre un mesmo e sobre os problemas da sociedade contemporánea.

En coherencia con estes plantexamentos a materia de 1º de Bacharelato é unha introdución á filosofía. Busca fomentar a adquisición no alumnado de: (a) unha perspectiva holística e interdisciplinar sobre os principais problemas filosóficos; (b) un uso rigoroso e non dogmático da pluralidade de perspectivas filosóficas; (c) o pensamento autónomo e rigoroso; e finalmente, (d) o recoñecemento das diversas concepción e ideas sobre os problemas filosóficos.

Os criterios de corrección e os indicadores de logro especificados son en consecuencia coherentes coas finalidades e obxectivos indicados, Desenvolvense polo tanto na programación ao longo dunha avaliación continua en nove unidades didácticas. Comezamos cunha introdución a disciplina e a súas ferramentas, para logo percorrer as preguntas filosóficas nas ramas da filosofía: antropoloxía, epistemoloxía, metafísica, filosofía política, ética e finalmente a estética cunha unidade didáctica centrada en Filosofía e xénero.

Outro aspecto tido en conta no deseño da programación foi a especificidade do noso centro educativo, o seu entorno e as características do alumnado.

A presente programación se desenvolve no IES de BEADE inaugurado no curso 1988-89. A súa área de influencia abarca as parroquias de Beade, Valadares, Sárdoma, Moledo, Matamá e Castrelos. Na actualidade, o alumnado do centro procede desas parroquias e, ademais, cada vez en maior número, da parroquia de Bembrive. O instituto atópase no extrarradio rural do concello de Vigo, na parroquia de Beade, na que perviven actividades rurais (economía agraria familiar) con outras do sector industrial e de servizos. Na área de influencia do centro, obsérvase unha mestura dispersa de casas labregas con terreos de cultivo e vivendas residenciais unifamiliares con xardíns que, nalgunhas zonas do territorio, se intercalan con pequenas instalacións industriais. O instituto ten como centros de primaria adscritos ós seguintes:

- CPI Sárdoma-Moledo
- CPI Ramón Otero Pedrayo
- CPI Coutada-Beade

A maioría dos pais e, en menor medida, das nais do alumnado traballan no sector industrial, en grandes empresas ou pequenos talleres. Cómpre resaltar a importancia dos avós e avoas nestes fogares, en primeiro lugar polo papel cultural que desempeñan, xa que seguen a utilizar o galego como lingua fundamental na comunicación; en segundo lugar pola súa contribución á economía doméstica coas súas pagas de xubilados, e, en terceiro lugar, pola súa dedicación ás tarefas do fogar e ao coidado dos netos e netas na ausencia dos pais.

A poboación das parroquias das que procede o alumnado do centro canaliza as súas inquedanzas culturais a través das asociacións culturais e veciñais existentes en todas elas e que manteñen vivas as tradicións culturais, ao tempo que van incorporando elementos novos, incidindo moi positivamente na calidade de vida nestes contornos. Algunhas destas asociacións colaboran asiduamente co instituto; así, o Pavillón deportivo do centro construíuse grazas á axuda da Asociación de veciños de Beade; o centro, pola súa parte, pon a disposición da Asociación de veciños e do Club de fútbol de Beade as instalacións deportivas do centro cando o requiren.

O grupo de 1 de Bacharelato esta composto por 80 alumnos e alumnas de entre 16 e 18 anos, dos cales 4 son repetidores. Descoñécese polo momento as particularidades, de habelas, no relativo á atención á diversidade por non terse celebrado aínda a reunión co departamento de orientación e as familias.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos   | CCL     | CP | STEM | CD  | CPSAA | CC    | CE | CCEC |
|--|---------|----|------|-----|-------|-------|----|------|
| OBX1 - Adquirir unha perspectiva global, sistémica e transdisciplinaria á hora de identificar problemas e formular cuestións fundamentais e de actualidade, analizando e categorizando os seus múltiples aspectos, distinguindo o máis substancial do accesorio, e integrando información e ideas de distintos ámbitos disciplinares, desde a perspectiva fundamental da filosofía, para recoñecer a radicalidade e transcendencia de tales cuestións, así como a necesidade de afrontalas para desenvolver unha vida reflexiva e consciente de si, e para tratar estes problemas complexos de modo crítico, creativo e transformador.   | 2-3     |    |      |     | 12-40 | 1-3-4 |    | 1    |
| OBX2 - Buscar, xestionar, interpretar, producir e transmitir correctamente información relativa a cuestións filosóficas, a partir da análise e interpretación de textos e outras formas de expresión filosófica e cultural, do emprego contrastado e seguro de fontes, o uso e análise rigoroso destas, o emprego de procedementos elementais de investigación e comunicación, e o uso e valoración adecuada de argumentos e estruturas argumentais para apreciar distintos tipos de discurso, desenvolver unha actitude indagadora, autónoma, rigorosa e creativa no ámbito da reflexión filosófica, e evitar así modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses. | 1-2-3-5 |    | 1    | 1-3 | 40    | 3     | 3  |      |
| OBX3 - Practicar o exercicio do diálogo filosófico de maneira rigorosa, crítica, tolerante e empática, interiorizando as pautas éticas e formais que este require, mediante a participación en actividades grupais e a través da formulación dialóxica das cuestións filosóficas, para promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática.   | 1-5     |    | 1    |     | 31    | 2-3   |    | 1-32 |

| Obxectivos  | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC    | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|----|-------|-------|----|------|
| OBX4 - Recoñecer o carácter plural das concepcións, ideas e argumentos arredor de cada un dos problemas fundamentais da filosofía, comprendendo as principais ideas e teorías filosóficas das máis importantes pensadoras e pensadores, mediante a análise crítica e dialéctica das diversas teses relevantes e dos problemas fundamentais aos que estas responden, para xerar unha concepción complexa e non dogmática das devanditas cuestións e ideas e formarse unha visión rigorosa e persoal do que significa a filosofía, da súa riqueza e influencia cultural e histórica, e da súa achega ao patrimonio común, promovendo así unha actitude aberta, tolerante e comprometida coa resolución racional e pacífica dos conflitos. | 2-5 |    |      |    |       | 1-2-3 |    | 2    |

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título   | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | Introdución á filosofía                              | Introdución ao saber filosófico entre as diferentes formas de coñecemento humano. | 11             | 15         | X        |          |          |
| 2  | Antropoloxía: natureza ou cultura?                   | Introducción a reflexión filosófica sobre o ser humano                            | 11             | 10         | X        |          |          |
| 3  | Filosofía e xénero                                   | Análise crítico das ausencias e discriminacións que cuestionan a tradición.       | 12             | 12         | X        |          |          |
| 4  | Epistemoloxía: que é coñecemento?                    | Introdución a reflexión filosófica sobre o coñecemento: que é que, tipos....      | 12             | 10         |          | X        |          |
| 5  | Pensando loxicamente                                 | Agumentación formalmente válida, informal, incorrecta.                            | 8              | 8          |          | X        |          |
| 6  | Ontoloxía: porque existe algo e non máis ben a nada? | Introdución a reflexión filosófica sobre a realidade.                             | 12             | 15         |          | X        |          |
| 7  | Ética: de onde ven o ben e o mal?                    | Introdución a reflexión filosófica sobre as diferentes concepción morais e éticas | 12             | 15         |          |          | X        |
| 8  | Filosofía Política: que é o ben común?               | Introdución a reflexión filosófica sobre o ben común.                             | 12             | 10         |          |          | X        |
| 9  | Estética: existe a beleza?                           | Introdución a reflexión filosófica sobre a beleza e a arte                        | 10             | 10         |          |          | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD            | Duración |
|----|-------------------------|----------|
| 1  | Introdución á filosofía | 15       |

| Craterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|---|---|----|----|
| CA1.5 - Xerar unha concepción complexa e non dogmática do que supón a filosofía como saber fundamental, crítico e universal, distinguíndoo doutros saberes e actividades humanas, e valorando a súa vixencia no momento actual, comprendendo os pensamentos sobre o momento actual como froito dun proceso dinámico e sempre aberto de reflexión e diálogo filosófico.  | Definir de xeito claro e rigoroso as características e instrumentos fundamentais da filosofía                             | PE | 30 |
| CA1.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.   | Comprender e reformular textos filosóficos e diferenciarlos dos históricos, literarios, artísticos ou científicos         | TI | 70 |
| CA1.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.   | Articula un ensaio crítico empregando conceptos filosóficos   |    |    |
| CA1.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas. | Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e as fontes de información que emprega para desenvolver as taboas. |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| - A reflexión filosófica sobre a propia filosofía. O problema filosófico da definición de filosofía. |

## Contidos

- Características da filosofía.
- Concepcións da filosofía.
- A tradición filosófica.
- Breve síntese das grandes épocas históricas da filosofía.
- A variedade de intereses, temas e perspectivas empregadas no facer filosófico.
- A filosofía como saber.
- A filosofía como experiencia humana. A necesidade humana de lle dar sentido racional á realidade, ás nosas accións e ao noso ser social.
- Filosofía e infancia: a infancia como momento propicio para a experiencia filosófica.
- Comparación con outros campos do saber: mitoloxía, relixión, ciencia, saber común, razón poética.
- As grandes subdisciplinas da filosofía: os saberes filosóficos tradicionais.
- Os métodos da filosofía.
- O traballo filosófico.
- Uso e análise crítico de fontes.
- O traballo con textos filosóficos: comprensión e interpretación.
- O traballo con materiais non filosóficos: a identificación de problemas filosóficos.
- A argumentación sólida como base do pensamento e o diálogo filosóficos.
- A investigación e a disertación filosóficas.
- O sentido da filosofía no século XXI.
- Sentido e finalidade da filosofía.
- A vixencia da reflexión filosófica ante os retos do século XXI.
- Novos temas e áreas actuais de investigación filosófica.

| UD | Título da UD                       | Duración |
|----|------------------------------------|----------|
| 2  | Antropoloxía: natureza ou cultura? | 10       |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|                         |                        |    |   |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|--|-----------|----------|
| CA1.5 - Xerar unha concepción complexa e non dogmática do que supón a filosofía como saber fundamental, crítico e universal, distinguíndoo doutros saberes e actividades humanas, e valorando a súa vixencia no momento actual, comprendendo os pensamentos sobre o momento actual como froito dun proceso dinámico e sempre aberto de reflexión e diálogo filosófico.   | Xera unha reflexión acerca do que é a filosofía e a antropoloxía distinguíndoa doutros saberes.  | PE        | 33       |
| CA1.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais. | Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta de xeito construtivo e argumenta de xeito oral e escrito as súas aportacións.                           | TI        | 67       |
| CA1.6 - Adquirir e demostrar un coñecemento significativo das ideas e teorías filosóficas sobre o ser humano, o fundamento, valor e sentido da súa existencia e a súa realidade, dalgunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia, mediante a aplicación e a análise crítica daquelas no contexto da práctica individual ou colectiva da indagación filosófica.  | Analiza criticamente mediante unha exposición escrita ou oral as teorías filosóficas do ser humano, así como as pensadoras e pensadores máis relevantes. |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- O ser humano como suxeito da experiencia filosófica e como obxecto principal da reflexión filosófica.</li> <li>- As grandes concepcións filosóficas sobre o ser humano.</li> <li>- A filosofía e a existencia humana.</li> <li>- O debate sobre a xénese e a definición da natureza humana.</li> <li>- A especificidade natural do Homo sapiens.</li> <li>- Os condicionantes históricos, sociais e culturais que nos fan ser como somos.</li> <li>- Personalidade e identidade persoal.</li> <li>- A estrutura psicosomática da personalidade.</li> <li>- Ámbitos do psiquismo: sensibilidade, emotividade, desexos, volición e facultades cognitivas.</li> <li>- Consciencia e linguaxe.</li> <li>- O problema da identidade persoal: tipos e modos de identidade.</li> </ul> |



| <b>Contidos</b>  |
|--|
| - Máis alá dos límites humanos. A especulación sobre o transhumanismo. |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 3         | Filosofía e xénero  | 12              |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.7 - Analizar problemas éticos e políticos fundamentais e de actualidade mediante a exposición crítica e dialéctica de distintas posicións filosoficamente pertinentes na súa interpretación e resolución, desenvolvendo así o xuízo propio e a autonomía moral, mediante a análise filosófica dos devanditos problemas, considerando as distintas posicións en disputa, e elaborando, argumentando, expoñendo e sometendo ao diálogo cos demais as propias teses respecto diso.  | Elabora unha argumentación razonada oral e escrita algún dos problemas filosóficos máis relevantes da historia, desenvolvendo ao mesmo tempo unha opinión persoal | PE        | 34       |
| CA1.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais. | Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta de xeito construtivo e argumenta de xeito oral e escrito as súas aportacións.                                    | TI        | 66       |
| CA1.6 - Adquirir e demostrar un coñecemento significativo das ideas e teorías filosóficas sobre o ser humano, o fundamento, valor e sentido da súa existencia e a súa realidade, dalgunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia, mediante a aplicación e a análise crítica daquelas no contexto da práctica individual ou colectiva da indagación filosófica.  | Analiza criticamente mediante unha exposición escrita ou oral as teorías filosóficas do ser humano, así como as pensadoras e pensadores máis relevantes.          |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| - As ausencias de colectivos e as posibles discriminacións que cuestionan a tradición. |
| - Filosofía e condición social: a discriminación social.                               |
| - Filosofía e xénero: a discriminación da muller na historia da filosofía.             |
| - Filosofía e eurocentrismo: a discriminación étnico-cultural.                         |

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo filosófico.</li> <li>- Uso e análise crítico de fontes.</li> <li>- O traballo con textos filosóficos: comprensión e interpretación.</li> <li>- O traballo con materiais non filosóficos: a identificación de problemas filosóficos.</li> <li>- A argumentación sólida como base do pensamento e o diálogo filosóficos.</li> <li>- A investigación e a disertación filosóficas.</li> <li>- O sentido da filosofía no século XXI.</li> <li>- A vixencia da reflexión filosófica ante os retos do século XXI.</li> <li>- Novos temas e áreas actuais de investigación filosófica.</li> </ul> |

| UD | Título da UD                      | Duración |
|----|-----------------------------------|----------|
| 4  | Epistemoloxía: que é coñecemento? | 10       |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|--|---|----|----|
| CA2.6 - Abordar desde distintas perspectivas e disciplinas o problema filosófico do coñecemento en xeral e do coñecemento científico e tecnolóxico en particular, identificando e analizando de xeito crítico, complexo e rigoroso as ideas e teorías filosóficas que algunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia propuxeron para interpretar, a través da análise comparativa dos argumentos, principios, metodoloxías e enfoques das devanditas teses e teorías. | Compara cuestións concretas dos diferentes teorías sobre o coñecemento de xeito argumentado.                    | PE | 34 |
| CA2.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.  | Analiza de xeito argumental a transcendencia dos problemas filosóficos e a súa relación con algunha disciplina. | TI | 66 |
| CA2.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.  | Argumenta sobre cuestión de actualidade empregando conceptos filosóficos.                                       |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|----------|
|----------|

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- O problema filosófico do coñecemento.</li> <li>- Definición, posibilidade e límites do coñecemento.</li> <li>- A teoría do coñecemento: racionalismo, empirismo e outras teorías.</li> <li>- A dimensión social e política do coñecemento.</li> <li>- O papel da muller na ciencia e nos outros saberes.</li> <li>- Coñecemento e interese.</li> <li>- Saber e poder.</li> <li>- A tecnociencia contemporánea.</li> </ul> |

| UD | Título da UD         | Duración |
|----|----------------------|----------|
| 5  | Pensando loxicamente | 8        |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %   |
|--|---|----|-----|
| CA2.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas. | Emprega medios dixitais axeitadamente á hora da exposición de contidos, así como unha exposición oral e escrita coherente dos mesmos. | TI | 100 |
| CA2.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.   | Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta de xeito construtivo e argumenta de xeito oral e escrito as súas aportacións.        |    |     |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- A verdade como obxectivo do coñecemento.</li> <li>- As teorías da verdade.</li> <li>- O fenómeno da desinformación e a «posverdade».</li> <li>- O razoamento e a argumentación.</li> <li>- A argumentación formalmente válida: a lóxica formal. Simbolización, táboas de verdade, e dedución natural da lóxica proposicional.</li> <li>- A argumentación informal.</li> <li>- A argumentación incorrecta: falacias e nesgos cognitivos.</li> <li>- O saber científico: definición, demarcación e metodoloxías científicas. A filosofía da ciencia: natureza, problemas e límites do coñecemento científico.</li> </ul> |

| UD | Título da UD   | Duración |
|----|--|----------|
| 6  | Ontoloxía: porque existe algo e non máis ben a nada? | 15       |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|--|---|----|----|
| CA2.6 - Abordar desde distintas perspectivas e disciplinas o problema filosófico do coñecemento en xeral e do coñecemento científico e tecnolóxico en particular, identificando e analizando de xeito crítico, complexo e rigoroso as ideas e teorías filosóficas que algunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia propuxeron para interpretar, a través da análise comparativa dos argumentos, principios, metodoloxías e enfoques das devanditas teses e teorías. | Compara cuestións concretas dos diferentes teorías sobre o coñecemento de xeito argumentado.  | PE | 34 |
| CA2.5 - Tomar consciencia da riqueza e influencia do pensamento filosófico sobre a realidade e a existencia, e outros problemas metafísicos, identificando e analizando as principais ideas e teorías filosóficas en textos ou documentos pertencentes a ámbitos culturais diversos, así como poñéndos en relación con experiencias, accións ou acontecementos comúns e de actualidade.  | Analiza as ideas principais dun textos filosófico e ponas en relación con outros problemas principais da filosofía ou da actualidade. | TI | 66 |
| CA2.7 - Comprender e apreciar a importancia da solidez e validez das formas argumentativas, a partir da súa análise tanto formal como informal, e identificar as falacias e os nesgos que se poden encontrar en textos ou documentos pertencentes a ámbitos culturais diversos, como usos argumentativos ilexítimos, explicando a natureza ou mecanismo das devanditas falacias e nesgos.  | Analiza de xeito formal e informal a argumentación textual e identifica as falacias e nesgos.   |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- O problema metafísico do real.</li> <li>- Aparencia e realidade. As realidades virtuais.</li> <li>- Unidade e pluralidade.</li> <li>- Categorías e modos de ser.</li> <li>- Entidades físicas e obxectos ideais: o problema dos universais.</li> <li>- O problema filosófico do tempo e do cambio.</li> <li>- O problema mente-corpo desde a Idade Moderna á intelixencia artificial.</li> <li>- O problema do determinismo. Necesidade, azar e liberdade.</li> <li>- O problema filosófico da existencia de Deus.</li> <li>- Teísmo, ateísmo e agnosticismo.</li> </ul> |

| UD | Título da UD                      | Duración |
|----|-----------------------------------|----------|
| 7  | Ética: de onde ven o ben e o mal? | 15       |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|--|---|----|----|
| CA3.6 - Analizar problemas éticos e políticos fundamentais e de actualidade mediante a exposición crítica e dialéctica de distintas posicións filosoficamente pertinentes na súa interpretación e resolución, desenvolvendo así o xuízo propio e a autonomía moral, mediante a análise filosófica dos devanditos problemas, considerando as distintas posicións en disputa e elaborando, argumentando, expoñendo e sometendo ao diálogo cos demais as propias teses respecto diso. | Dialoga e expón de xeito escrito as diferentes posturas éticas e morais, relacionadas dos dilemas morais que se presentan na actualidade, elaborando así mesmo un xuízo argumentado e propio. | PE | 20 |
| CA3.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.  | Comprender e reformular textos filosóficos e diferenciarlos dos históricos, literarios, artísticos ou científicos   | TI | 80 |
| CA3.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.  | Articula un ensaio crítico empregando conceptos filosóficos   |    |    |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | % |
|--|---|----|---|
| <p>CA3.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.</p> | <p>Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e as fontes de información que emprega para desenvolver as taboas.</p>      |    |   |
| <p>CA3.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.</p>   | <p>Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta de xeito construtivo e argumenta de xeito oral e escrito as súas aportacións.</p> |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- O feito ético e a razón práctica.</li> <li>- Separación entre ética, moral e dereito: racionalidade ética, conciencia moral e lexitimidade política.</li> <li>- A liberdade como condición para o diálogo ético e o xuízo moral.</li> <li>- Metaética e ética normativa.</li> <li>- Cognitivismo ético fronte ao emotivismo e o intuicionismo.</li> <li>- Formalismo ético fronte a materialismo ético.</li> <li>- Universalismo e relativismos éticos.</li> <li>- Ética do coidado: necesidade de igualdade efectiva de dereitos entre mulleres e homes.</li> <li>- Éticas aplicadas.</li> <li>- A valoración das accións á marxe da moral: alén do ben e do mal.</li> <li>- Problemas éticos actuais.</li> <li>- A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia.</li> </ul> |

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- As desigualdades e a pobreza.</li> <li>- A discriminación e o respecto polas minorías.</li> <li>- Problemas ecosociais e medioambientais.</li> <li>- Os dereitos humanos e a posibilidade dunha ética universal de mínimos: entre a ética e o dereito.</li> <li>- Orixe, lexitimidade e vixencia.</li> <li>- Xeracións dos dereitos humanos.</li> <li>- Os dereitos da infancia.</li> <li>- Dereitos dos animais.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>                    | <b>Duración</b> |
|-----------|--|-----------------|
| 8         | Filosofía Política: que é o ben común? | 10              |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|--|-----------|----------|
| CA3.5 - Adquirir e demostrar un coñecemento significativo das ideas e teorías filosóficas sobre o ser humano, o fundamento, valor e sentido da súa existencia e a súa realidade, dalgunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia, mediante a aplicación e a análise crítica daquelas no contexto da práctica individual ou colectiva da indagación filosófica.   | Expón de xeito oral e escrito a influencia das diferentes pensadoras e pensadores ao longo da historia da filosofía.           | PE        | 25       |
| CA3.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.   | Articula un ensaio crítico empregando conceptos filosóficos  | TI        | 75       |
| CA3.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais. | Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta de xeito construtivo e argumenta de xeito oral e escrito as súas aportacións. |           |          |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA3.6 - Analizar problemas éticos e políticos fundamentais e de actualidade mediante a exposición crítica e dialéctica de distintas posicións filosoficamente pertinentes na súa interpretación e resolución, desenvolvendo así o xuízo propio e a autonomía moral, mediante a análise filosófica dos devanditos problemas, considerando as distintas posicións en disputa e elaborando, argumentando, expoñendo e sometendo ao diálogo cos demais as propias teses respecto diso. | Dialoga e expón de xeito escrito as diferentes posturas éticas e morais, relacionadas dos dilemas morais que se presentan na actualidade, elaborando así mesmo un xuízo argumentado e propio. |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- O ser humano como animal político.</li> <li>- Os fundamentos da organización social e do poder político: naturalismo, iusnaturalismo e contractualismo.</li> <li>- Definición do político: legalidade e lexitimidade.</li> <li>- Os principios políticos fundamentais: igualdade e liberdade; individuo e Estado; traballo, propiedade e distribución da riqueza.</li> <li>- O debate político contemporáneo: liberalismo, utilitarismo e comunitarismo.</li> <li>- Cidadanía e Estado de benestar.</li> <li>- Xustiza e democracia.</li> <li>- A xustiza como problema filosófico.</li> <li>- A reflexión filosófica sobre a democracia.</li> <li>- Ideais, utopías e distopías.</li> <li>- Os movementos sociais e políticos.</li> <li>- O feminismo e a perspectiva de xénero.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>        | <b>Duración</b> |
|-----------|----------------------------|-----------------|
| 9         | Estética: existe a beleza? | 10              |

| <b>Criterios de avaliación</b> | <b>Mínimos de consecución</b> | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|



| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|---|---|----|----|
| CA3.7 - Desenvolver a sensibilidade e a comprensión crítica da arte e outras manifestacións e actividades con valor estético mediante o exercicio do pensamento filosófico sobre a beleza e a creación artística, contribuíndo así á educación dos sentimentos e ao desenvolvemento dunha actitude reflexiva con respecto á linguaxe e sentido das imaxes, e xerando un adecuado equilibrio entre o aspecto racional e emotivo na consideración destes problemas filosóficos do ámbito da estética, a través da reflexión expresa arredor da arte, e doutras actividades ou experiencias con valor estético, e a análise do papel das imaxes e a linguaxe audiovisual na cultura contemporánea. | Reflexiona de xeito oral e escrito cuestións de relevancia arredor da crítica e do papel das imaxes, arte e linguaxe audiovisual. | PE | 34 |
| CA3.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.   | Comprender e reformular textos filosóficos e diferenciarlos dos históricos, literarios, artísticos ou científicos                 | TI | 66 |
| CA3.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.   | Articula un ensaio crítico empregando conceptos filosóficos   |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Definición, ámbitos e problemas da estética: arte, beleza e gusto.</li> <li>- Teorías sobre a beleza e a arte.</li> <li>- Teorías clásicas e modernas sobre a beleza e a arte.</li> <li>- Teorías e problemas estéticos contemporáneos.</li> <li>- A relación do estético con outros ámbitos da cultura: a reflexión sobre a imaxe e a cultura audiovisual.</li> <li>- A estética e as súas implicacións filosóficas coa ética e a política.</li> <li>- Ética e estética.</li> <li>- O papel político da arte.</li> </ul> |

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Coa finalidade de que o alumnado alcance unha actitude crítica e reflexiva, débese dotar das ferramentas necesarias para a expresión do propio pensamento. O esquema ensino-aprendizaxe que se utilizará perseguirá este obxectivo ao poñer a aprendizaxe dos conceptos en íntima relación coa actividade práctica de expresar as ideas persoais facendo uso das ferramentas de traballo intelectual tradicionalmente usadas no quefacer filosófico (comentario de texto, disertación, recesión, valoración de dilemas morais...). O obxectivo fundamental será o de estimular ao alumnado a pensar de xeito autónomo, aprendendo filosofía á vez que filosofan e tratando de fundamentar o que digan ou escriba con autonomía e espírito crítico.

As orientacións metodolóxicas propostas a continuación apuntan á potenciación e consolidación de competencias traballadas xa en etapas educativas anteriores. De acordo con este criterio, as metodoloxías concretas empregadas polo profesorado nesta materia deberán orientarse a:

- Potenciar unha autonomía progresiva, por parte do alumnado, na obtención, análise e procesamento da información referida ás cuestións e problemas propostos.
- Promover o diálogo e o debate horizontal entre iguais como un medio para desenvolver estratexias de conceptualización, información e comunicación intelectual.
- Manter un modelo de aprendizaxe funcional no cal as nocións que se van adquirindo sexan aplicadas á vida real ou virtual.
- Promover a lectura e análise de textos, así como a composición de textos propios e exposicións orais e escritas.
- Normalizar o uso de vocabulario técnico específico e esixir uns niveis de rigor lóxico e de coherencia argumentativa tanto nas producións orais coma nas escritas.
- Manter unha perspectiva histórica que permita rastrexar as orixes das cuestións filosóficas ou ideolóxicas simetidas a elaboración, análise ou debate
- Ofrecer instrumentos e estratexias de autoanálise e autoavaliación para detectar os avances e carencias no proceso de aprendizaxe.
- Actuar seguindo pautas de estándares profesionais na esixencia do traballo individual e colectivo: puntualidade, dedicación, actitude, rendementos, seguimento das instrucións de traballo, resultados materiais e formais, etc.

Ao inicio de cada unidade didáctica exoranse os instrumentos de avaliación a aplicar e a súa ponderación. Deixando claro os obxectivos concretos mínimos. A continuación farase unha introdución a cada UD activando os coñecementos previos do alumnado. Logo, desenvolveranse as actividades e proxectos propios da UD cun resume ou síntese final dos contidos e procesos presentado.

Nas aulas o alumnado traballará en grupos: dende o grupo aula aos grupos de traballo cooperativo. Realizaranse tamén tarefas individuais.

Cada proba, individual ou grupal, escrita ou oral, contará cunha rúbrica na que os instrumentos de avaliación e os obxectivos se especifiquen. Cada rúbrica será traballada na aula. Deseñaranse e aplicaranse probas e tarefas axustadas ás características do alumnado, actividades de avaliación con diferentes niveis de complexidade, activando diferentes recursos cognitivos.

Avaliación continua nunha ampla variedade de situacións, avaliando tarefas individuais e grupais. Nas tarefas grupais avaliaranse, ademais dos progresos na aprendizaxe, a implicación e aportacións do alumnado participante. Se informara individualmente dos resultados ofrecendo en cada caso propostas de mellora.

Preténdese realizar unha adecuada contribución ao Plan Lector do Centro, coa proposta de lectura voluntaria de distintos libros relacionados coa materia, así como coa lecturas de artigos xornalísticos e textos do libro do alumno/a.

Así mesmo, contribuirase ao Plan TICs coa proxección de vídeos, traballos na aula de informática, clases expositivas empregando presentacións dixitais, avaliacións interactivas e kahoots.

A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como o Plan de Actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual que se redactou a inicio de curso.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación   |
|--|
| Apuntamentos propios do profesorado                  |
| Caderno filosófico                                   |
| Dossier conceptual                                   |
| Libro de texto                                       |
| Libros de lectura                                    |
| Ordenador conectado a internet, proxector, altavoces |
| Aula virtual da materia                              |

Cada sesión terá lugar nun aula no centro cun ordenador conectado a internet e unha pantalla con proxector e sonido, Os pupitres individuais serviran tanto para o traballo individual como para conformar diversos grupos segundo as necesidades de cada UD. En cada aula usaranse os apuntamentos ou o libro de texto, folios para escribir e diversos documentos impresos entregados ao longo do curso: textos, mapas conceptuais, fotocopias con actividades diversas. O cuaderno filosófico servirá de diario da aula. Os libros de lectura serán actividades voluntarias para redondear ou subir a nota final. A aula virtual na web do centro servira como repositorio de materias, como lugar de entrega de traballos, ferramenta de avaliación e como instrumento de comunicación.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas dúas primeiras semanas do curso realizarase unha proba escrita que consistirá na lectura dun texto básico de filosofía con cuestións e un comentario crítico. Buscarase determinar tanto a comprensión lectora, expresión escrita como o grao de familiaridade cos conceptos filosóficos.

Servirá para avaliar tanto os coñecementos previos do alumnado como a súa capacidade na expresión escrita clara e rigurosa. Permirá adaptar os procesos de ensino aprendizaxe aos rasgos específicos e individuais do alumnado.

Cunha taboa de indicadores baseada na observación das dúas primeiras semanas, mediante a observación na aula, se avaliara así mesmo a autonomía do alumnado no uso das TICs.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica             | UD 1      | UD 2      | UD 3      | UD 4      | UD 5     | UD 6      | UD 7      | UD 8      | UD 9      | Total      |
|-------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| <b>Peso UD/<br/>Tipo Ins.</b> | <b>11</b> | <b>11</b> | <b>12</b> | <b>12</b> | <b>8</b> | <b>12</b> | <b>12</b> | <b>12</b> | <b>10</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>          | 30        | 33        | 34        | 34        | 0        | 34        | 20        | 25        | 34        | <b>28</b>  |
| <b>Táboa de indicadores</b>   | 70        | 67        | 66        | 66        | 100      | 66        | 80        | 75        | 66        | <b>72</b>  |

### Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

1. As probas escritas, calquera que sexa o seu formato (exames, probas escritas de lecturas, comentario de texto, composición, argumentación escrita ou oral...), suporá o 70 % da cualificación global (ata 7 puntos, media aritmética de dúas probas por trimestre). Esta proba será traballada tamén nas táboas de indicadores.
  2. Os traballos en grupo que se propoñan que se avaliarán como proba escrita ou taboa de indicadores suporán un 20% na cualificación. Poderán realizarse varias por trimestre e a súa puntuación será acumulativa.
  3. As intervencións orais baseadas nunha argumentación clara, coherente, respectuosa das ideas, así como a implicación baseado no esforzo persoal á hora da responsabilidade co traballo diario da materia suporá un 10%.
  4. As actividades voluntarias (lecturas e traballos na aula virtual) servirán para redondear ou/subir a nota.
- Todos estes criterios serán avaliados mediante rúbrica con indicadores claros diferenciados, comprensibles e traballados na aula co o alumnado.

A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais.

Á nota de cada avaliación se lle aplicarn as seguintes regras de redondeo: (1) Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5 (un 4.5 ou un 4.6 se redondean ao 5). (2) Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5 (un 4.4 ou un 4.3 se redondean ao 4) .

Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior ao 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

### **Criterios de recuperación:**

O procedemento de recuperación será por trimestre a través da posibilidade refacer traballos non superados ou unha proba, a determinar polo profesorado do departamento no caso de ter que ter en conta algunha cuestión concreta para favorecer a adaptación ao alumnado.

Cando un alumno/a teña dúas ou tres avaliacións suspensas, terá a oportunidade de facer unha proba extraordinaria baseada nos criterios mínimos das unidades correspondentes. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

A partir do 5 de xuño darase prioridade á realización de actividades de apoio, de reforzo e de recuperación para o alumnado con materias sen superar e preparación das probas extraordinarias.

Logo da avaliación final do período ordinario ata o remate do período lectivo o alumnado terá dereito a preparar e realizar unha proba extraordinaria en xuño no caso de non ter superada algunha das avaliación ou todas suspensas.

O alumnado que si teña superada a materia nese mesmo período fará actividades de apoio, reforzo, recuperación ou ampliación.

A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado dunha proba escrita deseñada polo departamento de Filosofía (aplicarase ao resultado final o redondeo xa detallado na programación). O alumnado supera a materia cando acada una cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicado o redondeo.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Terase en conta o Plan de Reforzo (artigo 51 da Orde do 8 de Setembro 2021 de atención á diversidade). O plan deberá ser elaborado polo profesorado que imparte a materia baixo directrices do departamento co coñecemento da titora ou titor.

O plan deberá ter como referentes os obxectivos da materia e adquisición de competencias.

Realizaráselle ao alumnado unha proposta de traballo completo e individualizada no que se desenvolvan os criterios mínimos exisibles en cada unidade didáctica.

O alumnado que se matricule no curso académico 2022/23 no segundo curso do bacharelato e teña materias pendentes de primeiro curso ou teña que cursalas como pendentes poderá recuperarlas durante o curso 2022/23 co currículo da materia que se extingue. De non superalas durante ese curso, a partir do curso 2023/24 terá que facelo co novo currículo nas condicións que se determinen. (Disposición transitoria segunda. Resolución do 26 de maio de 2022).

O departamento de Filosofía propón na aula virtual un plan de traballo con expresión dos contidos mínimos exisibles e as actividades recomendadas. Os instrumentos de avaliación a empregar serán Táboas de Indicadores (TI) sobre as actividades propostas na aula virtual e Probas Escritas (PE) que serán aplicadas en dous parciais.

Primeira proba parcial: UD da 1 a 4

Segunda proba parcial: UD: da 5 a 9.

Á nota de cada avaliación se lle aplicarn as seguintes regras de redondeo: (1) Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5 (un 4.5 ou un 4.6 se redondean ao 5). (2) Ao enteiro

inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5 (un 4.4 ou un 4.3 se redondean ao 4). No caso de non superar as probas parciais o alumnado será convocado a unha proba final (Artigo 11. Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia) que se adecuará ás datas previstas para a ABAU e que versará sobre a totalidade dos contidos. Neste caso a cualificación estará composta exclusivamente polo resultado da proba final (PE) proposta (aplicarase ao resultado final o redondeo explicado e recollido na programación).

A aula virtual xogara un papel esencial no seguimento, avaliación e recuperación da materia. De ser preciso, programaranse clases fóra do horario lectivo (presenciais e/ou telemáticas) para facilitar o progreso do alumnado. O seguimento do alumnado con materias pendentes corresponderá á xefatura de departamento en coordinación co profesorado de nivel que imparte docencia ao alumno ou alumna.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Non se pode fomentar un proceso de aprendizaxe ensinanza da filosofía sen individualizalo a cada alumnado. Neste sentido as medidas de atención a diversidade son actuacións, estratexias e / ou programas destinadas a proporcionar resposta ás necesidades educativas do alumnado (artigo 7 decreto 229/2011, da lei orgánica 2/2006 de 3 maio).

Na avaliación previa e en coordinación coa xunta de avaliación e o departamento de orientación se desenvolveran as seguintes medidas no caso de ser precisas.

ORDINARIAS: Facilitan a adecuación do curriculum sen alteracións significativas dos obxectivos, contidos nin dos Criterios de avaliación Dan resposta as diferenzas en competencias, motivación, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe. Sinalamos as seguintes:

- 1) Adaptación da xestión da aula as características concretas da aula, favorecendo o acceso aos recursos e a convivencia.
- 2) Adequación da programación ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.
- 3) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.
- 4) Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicarase as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.
- 5) Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.
- 6) Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.
- 7) Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

EXTRAORDINARIAS. Diseñadas para atender necesidades específicas de apoio que requiran modificacións significativas do curriculum ou supoñan unha modificación organizativa ou ben do xeito de acceder ao curriculum ou da modalidade de escolarización. Serán aplicadas cando as ordinarias sexan insuficientes ou se demostren esgotadas. Son casos nos que aí barreiras singificativas para conseguir os obxectivos da aprendizaxe axeitadas ao seu desenvolvemento (atraso madurativo, trastornos do desenvolvemento relacionados coa linguaxe e/ou comunicación, descoñecemento da (s) lingua(s) de aprendizaxe, vulnerabilidade socio educativa ou polas altas capacidades entre outras).

(1) Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.

(2) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. O docente coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborará unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimento e avaliación e adoptará medidas que promovan a súa inclusión.

En colaboración co titor e o departamento de orientación se fara unha planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe. Na avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Propóránse medidas de reforzo individualizadas mediante lecturas, vídeos

e outros materiais complementarios para alumnado que presente dificultades coas competencias básicas. Todos eles dispoñibles a través da aula virtual.

Proporáanse diferentes canles para a presentación das tarefas que, de acordo coa teoría das Intelixencias Múltiples, se adapten mellor a cada un dos alumnos e alumnas. Así en cada unidade serán de elección unha serie de tarefas que propoñen formas de realización adaptadas a cada unha destas intelixencias (infografías, comics, videopresentacións, textos...)

Neste sentido para os alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. Sempre coa finalidade de potenciar o espírito crítico, a autonomía do alumnado propios da filosofía. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos. Nas actividades voluntarias especificadas na metodoloxía ofreceráanse este tipo de reforzos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora                      | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.2 - Expresión oral e escrita                 | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.3 - Comunicación audiovisual                 | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.4 - Competencia dixital                      | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.5 - Emprendemento social                     | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.7 - Educación emocional e en valores         | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.8 - Igualdade de xénero                      | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.9 - Creatividade                             | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |

|                                 | UD 9 |
|---------------------------------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora      |      |
| ET.2 - Expresión oral e escrita |      |
| ET.3 - Comunicación audiovisual |      |

|   | UD 9 |
|---|------|
| ET.4 - Competencia dixital                      |      |
| ET.5 - Emprendemento social                     |      |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico |      |
| ET.7 - Educación emocional e en valores         |      |
| ET.8 - Igualdade de xénero                      |      |
| ET.9 - Creatividade                             | X    |

### Observacións:

A materia de filosofía é un instrumentos clave na consecución dos elementos transversais recollidos na lexislación. Ao provover o espírito crítico para adquirir ferramentas teóricas e prácticas no uso autónomo da razón do alumnado contribúe explícitamente, como se ven especificando en tódolos apartados da programación, nesta transversalidade.

A educación emocional en valores democráticos, respectuosos coa diversidade e consciente da discriminación (eurocentrismo, machismo, racismo...) cunha metodoloxía de traballo en grupos e por proxectos será a clave.

A filosofía se fundamenta en textos e nas ferramentas de lectura e comentario crítico dos mesmos. O uso de ferramentas dixitais e alfabetización no uso de buscadores en internet serán outro dos pilares da materia.

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade             | Descrición  | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|------------------------|---|----------|----------|----------|
| Disertación Filosófica | Elaboración polo alumnado de Disertacións filosóficas sobre temáticas a determinar. |          | X        |          |

### Observacións:

Co obxectivo de achegar a Filosofía ao alumnado a traveso de diferentes xeitos, e de fomentar o espírito crítico, o coñecemento e respecto de todo o alumnado galego que cursa materias do Departamento de Filosofía, no caso do bacharelato traballarase durante o curso a Disertación como unha actividade complementaria e obrigatoria.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro   |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico   |
| 2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas                      |
| 3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.    |
| 6. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.       |
| 7. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc. |
| Metodoloxía empregada  |
| 8. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación                                     |
| 9. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final                                 |
| 10. Adecuación do desenvolvementos dos contidos ao ritmo de aprendizaxe do alumnado              |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos                                       |
| 1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas a partir dos elementos do currículo.      |
| Clima de traballo na aula  |
| 4. Adecuación da secuencia de traballo na aula.  |
| 5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.   |

### Descrición:

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior. Os resultado desta avaliación recolleranse na memoria final de curso e poñerase en coñecemento na reunión do Departamento para poder incorporar melloras en vindeiros cursos.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento a través da aplicación Proens dúas veces por avaliación, correspondendo coas dúas unidades didácticas que se desenvolven en cada unha, para poder adiantarnos aos cambios no proceso de ensino aprendizaxe. Estes seguimentos faranse de xeito individual e poñeranse en común nas reunións de departamento.

Neste seguimento terase en conta:

1. Se as sesión prevista por UD foron as suficientes e se anortaran datas de inicio e final de cada UD.
2. O grao de cumprimento do desenvolvemento das UD.
3. Propostas de mellora
4. Concreción das propostas de mellora para materializar en cursos vindeiros.



## 9. Outros apartados